Ricardo Garcia (Xohan Ledo)

8-3-78

Querido Luis:

Pra min sempre é unha ledicia ter novas túas.Ainda cando como agora escribes magoado pola desesperanza.Teño a desesperanza por unha podremia que vai roendo na ialma e a escurece,emporiso sei que isa lús túa,ben probada tantos anos,non se deixará vencer nen desviar. Disa lus temos necesidade pra que te encenda a ti,e nos alumee a outros de nos que sempre soupemos do amor con que foi dada. E sempre agardamos a saberte de novo beira do mar dos ártabros.

O tempo non ven sendo tan bó como maxinas,hai ben pouco tivemos un temporal moi fermoso;pra velo dende a casiña.Unha brilante exhibicion da froza do mar,batendo non furioso senon poderoso contra dos penedos coma un ciclopecego que crebase rexas cadeas e pretendera mover a terra ca puxa do seu peito.

Eu,como sabes,non podo ser un bó comentador politico,entre outras razos porque non me movo nisas augas e somentes son movido por elas.Estou mergullado e podo chegar a sntireme afogado,pro pra falar atinadamente encol delas compriria velas abierado ou dominándoas.

No meu sentir,pois,o da autonomía estase preparando como unha nova frustracion, mais outra.Vai chegar,cando cheque,lastrada por loitas e amaños que teñen en conta sucedos e intereses alleos ou alonxados de Galicia,fabricada dende Madride e atendendo ó proveito de partidos para toda españa. Fanse regateirias,e fanse partillascas rexiós: eiqui eu podo,e deixo de facer isto pra ti deixares facer acola,onde ti podes,estoutro. Andase sen vontade de camiñar,dase un paso pra pisar ao de diante,movese ou parase pra amolar,e non por pretension firme de servir a Galicia. O tema das autonomias vaise levando do xeito mais de favor pros anti.En Cataluña,en Euskadi,en Galicia semella sguirse mais un proceder gubernamental,pensar que o millor e ver vir ó tempo,e aproveitar entullos -Tarradellas pra parar ós esquerdismos,Navarra pra deter aos vascos,os socialistas pra frear a nacionalistas,os obreiros emigrados frente dos obreiros nacionalistas,logo a ETA, CNT,FAI frente de velidades nacionalistas dos capitalistas-que señan reas ou estean agran dados non importa a ninguen,porque os partidos da oposición métense no xogo e non saben sair dil.

E non millora a vision o comportamento dos partidos apelidados galegos.A cousa chega

a sere mais ruin e cativa.Peñen peso en miudezas do intre e entollen todo por rigorosidade e demaosía cara un futuro ao que por outra banda non saben amosar mais que vagorosamente e xeneraligando.E moito menos quren servirense da esperencia do pasado.Primeiro por vaidade,logo autosuficencia,e mais ainda por iñorancia isa esperencia é cousa de outros e non lles val.Maxino agora mesmo que se lles dixeras de aproveitar un feixe -dos,vinte, trinta,ou os que fosen-de dibuxos de Castelao como panfleto pra entrar na concencia dos mariñeiros o probrema da pesca axitado oxendia por un tratado con Marruecos e unhas discusios -perdedoras,non hai que decilo-cos paises europeus,dirian que era cousa "vella e pasada",e nembargantes a fame e o desprecio dos mariñeiros segue sendo igoaliña que hai cincoenta anos.Castelao é bó pra mitoloxíase o usan,pro o seu verbo combativo non se acolle nen sequer pra amosar que podemos repetire as verbas e istas non poden quedar disfrazadas ou acochadas por "casas do mar" ou "créditos á pesca".

Non sei,vexo oxe mesmo nos diarios quelogo dunhas semans de xuntangas en prol da fusion do PSOE de Felipe Gonzalez e o PSP de Tierno Galvan, chegaron a cordar unha "decraracion de principios" na que se afirma que o partido socialista é: "un partido de clase,de masas,marxista y democrático",e que "no pactará con el capitalismo".Foi necesario comezar por ahí,ainda...

Ben,estácheme saindo unha carta con cara pesimista e non me defendo delo.Pro si quero crarexar que non me leva a seguir a famosa leria do "no es eso,no es eso",como non son Ortega y Gasset non podo pecharme na miña oficiña filosofica e decirme: ala eles,por min, que se maten.Seguirei poñendo o meu peuqeno labor ao servicio de calquera cousa que estea marcada co nome de Galicia,fiando en que poda ter algunha utilidade pra outros,e se non fose eisi sei cando menos quegardo fidelidade á laboura de moitos que soñaron ou profetizaron o fermoso futuro que quero pra min e pra nosa terra.

Todos nos,pais e fillos,os lembramos.Recibide Maruxa e tí unha forte aperta na agarda de ver ver de novo

Ricardo